

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO CONSELLO DE GOBERNO DE 30 DE OUTUBRO DE 2019

Lugar: Sala do Consello de Goberno, Reitoría da Universidade.

Ás 09:38 horas, en segunda convocatoria e comprobada polo secretario a existencia de quórum suficiente, iníciase o tratamento dos asuntos incluídos na orde do día que figura como **anexo I**.

A relación de asistentes figura como **anexo II** escusando a súa asistencia M^a Fernanda Migúelez Pose, Fernando Agrasar Quiroga e Adriana Ávila Álvarez.

Informe do reitor

Indicou que o próximo luns día 4 de novembro convocaranse as eleccións á reitoría da UDC. A data prevista para a celebración da primeira volta será o día 4 de decembro de 2019.

Informou tamén que logo de complexas e longas negociacións, no próximo Consello Galego de Universidades debaterase finalmente o informe de desadscripción do grao en turismo na UDC, que terá que ser acordada polo Consello da Xunta. É unha boa nova para a UDC e para as estudantes desta titulación.

Desde a CRUE estase a traballar na elaboración dunha nova lei de universidades. A previsión era ter pronto o documento para novembro de 2019, mais a situación política aconsella retrasalo até o primeiro trimestre de 2020. A UDC coordina o grupo de traballo sobre o modelo de financiamento das universidades públicas.

O vicerreitor de **Política Científica, Investigación e Transferencia** dou conta dos seguintes asuntos:

1.- Ramón y Cajal 2019. Mañá xoves 31 de outubro presentamos publicamente aos 2 novos Ramón y Cajal que acaban de asinar o acordo de incorporación á UDC, o seu contrato farase efectivo unha vez que o ministerio (MICIU) publique a súa vinculación coa UDC. Os novos RyC son o investigador Jorge Ledo de Filoloxía e o investigador José Antonio Iglesias Guitián de Informática, que ademais coinciden con dos investigadores Intalent.

2.- Europa Redes e Xestores, Queríamos felicitar a nosa OTRI por acadar, un ano mais, un proxecto nacional concedido á UDC (115.000 €) para reforzar á OTRI. Estanse empezando a xestionar as contratacións vinculadas.

3.- Concesión de Infraestruturas. Na última convocatoria MINECO. Foron concedidas a UDC un total de 10 proxectos cun montante total de 2.891.038,76 € A Universidade; No mes de novembro temos prevista negociar a cofinanciación do 20% coa Xunta e coas outras dúas universidades galegas. Entre as infraestruturas quería destacar preto dun millón de euros a solicitude presentada dende o CITIC para aumentar as capacidades de

| Código Seguro De Verificación | yHMToiDJ1wcrLpqkemS2cg== | Estado | Data e hora |
|-------------------------------|---|--------------------|--|
| Asinado Por | Julio Ernesto Abalde Alonso - Reitor Carlos Ignacio Aymerich Cano - Secretario Xeral | Asinado Asinado | 03/02/2020 13:54:22 31/01/2020 15:06:34 |
| Observacións | | Páxina | 1/12 |
| Url De Verificación | https://sede.udc.gal/services/validation/yHMToiDJ1wcrLpqkemS2cg== | | |



computación, e que será usada non só polos grupos de investigación senón tamén polos estudantes que así o precisen como os das titulación vinculadas a informática ou a novo grao de Ciencia e Enxeñería de DATOS, tamén queríamos destacar unha infraestrutura singular que foi solicitada dende o CITEEC co apoio doutros grupos de investigación vinculados o campus de sustentabilidade e que consiste nun proxecto piloto e escala real para o monitoreo de infraestrutura verde que se instalará no Campus de Elviña e tamén a subvención para a construción do animalario solicitada dende o CICA e que dotará o centro dunha infraestrutura moi demandada por varios grupos que precisan deste tipo de experimentación.

4.- Presentación 2ª Convocatoria Business Factory Food. Mañá 31 de outubro no CICA.

Presentación da segunda convocatoria do programa Business Factory Food, a aceleradora vertical para o sector agroalimentario coordinada polo Clúster de Alimentación de Galicia (Clusaga). Durante a xornada, organizada pola Universidade da Coruña e o Instituto Tecnolóxico de Galicia, amosaremos a importancia da capacidade desta aceleradora vertical para mellorar a madurez dos proxectos de innovación (Innovation Readiness), a súa taxa de éxito, así como o seu rendemento final dos produtos ou servizos finais que se van a poñer a disposición dos usuarios o consumidores finais, sexan consumidores ou outros axentes industriais. Tamén se presentarán algúns dos proxectos seleccionados da anterior convocatoria.

5.- BigData Coruña. O CITIC acolleu o congreso internacional Big Data Coruña con preto dun centenar de asistentes. O pasado 21 de outubro de 2019.- O Centro de Investigación TIC (CITIC) da Universidade da Coruña acolleu a quinta edición do congreso internacional Big Data Coruña, que afonda nos novos retos desta disciplina da man de expertos en tecnoloxía e analítica de datos de nivel internacional, congregando a preto dun centenar de asistentes procedentes do ámbito empresarial e académico. Parabéns aos organizadores deste evento que está a ser un congreso de gran relevancia no sector das TIC.


6.- Workshop Fabricación Aditiva no CIT de Ferrol. O pasado 25 de Outubro tivo lugar una xornada sobre esta temática, organizada conxuntamente dende a oficina do Campus Industrial e do Centro de Investigacións Tecnolóxicas. Na xornada participaron grupos de investigación de Ferrol con investigadores de outras centros como AIMEN ou MakerGal.

O **vice-reitor de Profesorado e Planificación Docente**, informou dos asuntos seguintes:

02/10/2019. Autorizouse a contratación no Departamento de Economía dun/ha contratado/a interino/a de substitución P06 empregando a lista de agrada da praza 19/6005. Esta contratación está motivada pola renuncia da persoa contratada a través desa mesma lista de agarda, que fora debido a que renunciara ao seu contrato un asociado P06 ao ter acadado outra praza.

08/10/2019. A CNEAI publicou unha resolución pola que se amplía o prazo de resolución da avaliación dos sexenios de transferencia do coñecemento e innovación por un período máximo de 6 meses. Esta ampliación ven motivada polo alto número de solicitudes e a falta de medios para atendelas.

| Código Seguro De Verificación | yHMToiDJ1wcrLpqkemS2cg== | Estado | Data e hora |
|-------------------------------|---|---------|---------------------|
| Asinado Por | Julio Ernesto Abalde Alonso - Reitor Carlos Ignacio Aymerich Cano - Secretario Xeral | Asinado | 03/02/2020 13:54:22 |
| Observacións | | Páxina | 2/12 |
| Url De Verificación | https://sede.udc.gal/services/validation/yHMToiDJ1wcrLpqkemS2cg== | | |



Á vista desa resolución e polos motivos expostos pola CNEAI, a UDC acordou publicar na Sede Electrónica o 16/10/2019 unha resolución similar que afecta os sexenios de transferencia e innovación solicitados polo profesorado do INEF que conte con título de doutor e ao profesorado contratado permanente e aos contratados/as doutores/as interinos.

09/10/2019. Autorizouse a integración no corpo de Titulares de Universidade dunha profesora Titular de Escola Universitaria unha vez que obtivo a acreditación. Área Dereito Mercantil, departamento de Dereito Privado.

10/10/2019. Publicouse na Sede Electrónica da UDC a relación provisional de solicitudes admitidas ao programa de captación de novo profesorado (6 solicitudes)

11/10/2019. Autorizouse a contratación no Departamento de Ciencias da Navegación e Enxeñaría Mariña dun/ha contratado/a interino/a de substitución P06 empregando a lista de agrada da praza 19/8004. Esta contratación está motivada pola baixa de IT dun profesora contratado interino de substitución TC da área de Ciencias e Técnicas da Navegación.

11/10/2019. Autorizouse a contratación no Departamento de Fisioterapia, Medicina e Ciencias Biomédicas dun/ha contratado/a interino/a de substitución P06 empregando a lista de agrada da praza 19/8008. Esta contratación está motivada pola baixa de IT dun profesora contratado doutor da área de Fisioterapia.

26/10/2019. Publicouse na Sede Electrónica da UDC a relación definitiva de solicitudes admitidas ao programa de captación de novo profesorado (non houbo reclamacións).

29/10/2019. A COAP informou favorablemente a remisión ao Consello Social da asignación de complementos autonómicos ao labor docente e ao labor investigador correspondente á convocatoria do ano 2018. Trátase da asignación a 11 profesores/as do complemento ao labor docente e a 14 profesores/as o complemento ao labor investigador.

O **vice-reitor de Economía, Infraestruturas e Sustentabilidade** informou dos seguintes asuntos:

Total imputacións CAE 28 de outubro: 7.470,95€

Total validacións (103 solicitudes) CAE 28 outubro: 16.757,75€

Total contabilizacións (113 solicitudes) CAE 28 outubro: 1.069.823,61€

Informe sobre prorroga do orzamento

Se establece a prorroga do actual orzamento 2019 para o próximo exercicio 2020. Esta prorroga terá vixencia dende o 1 de xaneiro de 2020 ata a entrada en vigor do Orzamento 2020. A prorroga dos Orzamentos da UDC do exercicio 2019, para o exercicio 2020, adecuarase aos seguintes criterios:

1- Prorroga. Os créditos do estado de ingresos e de gastos do orzamento da UDC de 2019, de financiamento propio, prorrogáranse polo importe do crédito inicial de 2019 que corresponda.

| Código Seguro De Verificación | yHMToiDJ1wcrLpqkemS2cg== | Estado | Data e hora |
|-------------------------------|---|---------|---------------------|
| Asinado Por | Julio Ernesto Abalde Alonso - Reitor | Asinado | 03/02/2020 13:54:22 |
| | Carlos Ignacio Aymerich Cano - Secretario Xeral | Asinado | 31/01/2020 15:06:34 |
| Observacións | | Páxina | 3/12 |
| Url De Verificación | https://sede.udc.gal/services/validation/yHMToiDJ1wcrLpqkemS2cg== | | |



2- Financiamento alleo. Para facilitar a execución dos recursos alleos finalistas, suxeitos a prazos concretos de xustificación, en financiamento alleo (convenios, proxectos de investigación), as contías serán as que correspondan aos importes concedidas por cada financiador para a anualidade 2020.

3. Actividade económica durante a prórroga do Orzamento: A prórroga do orzamento non vai impedir que a actividade económico-financeira da UDC poida comezar con normalidade en tódolos centros e unidades de gasto, a partir do próximo 2 de xaneiro de 2020 (primeiro día hábil do exercicio).

Adicionalmente, a prórroga do orzamento garante a dispoñibilidade de créditos para dar cobertura aos compromisos plurianuais adquiridos e imputados con cargo a anualidade 2020 e aos compromisos de gasto derivados dos expedientes de tramitación anticipada.

4- Retención crédito en fondos propios

Retención do 50% sobre o crédito inicial nas partidas orzamentarias de fondos propios, salvo en capítulo I e as partidas do Consello Social. Podería solicitarse a liberación do crédito en casos excepcionais sempre que estean debidamente motivados e debería estar autorizado polo VEIS. Esta solicitude enviarase a Vicerreitoría de Economía, Infraestruturas e Sustentabilidade (VEIS) por correo electrónico.

A reserva do crédito faríase nos negociados de asuntos económicos dos centros e será verificada na Xerencia. Para facer un control efectivo haberá que ter en conta os compromisos xa formalizados así como os expedientes de tramitación anticipada de gasto

A **vicerreitora de Estudantes, Participación e Extensión Universitaria**, dou conta de:

Nunha comisión de Extensión Universitaria do mes de setembro de 2019, autorizouse condicionalmente os seguintes cursos de extensión universitaria:

- Curso de Modelado 3D con Siemens NX. Obradoiro nivel básico
- Curso de Modelado 3D con Siemens NX. Obradoiro nivel intermedio

ambos de Juan De Dios do Dept. de Enxeñaría Industrial, estaba pendente de documentación que xa chegou.

Na Comisión de Extensión Universitaria do 10 de outubro de 2019 autorizouse o curso "Preparación física en fútbol: adestramento funcional e da forza base. Nivel I" de Manuel Pombo Fernández do Departamento de Educación Física e Deportiva.

Nesta comisión aprobáronse varias solicitudes de prazas vacantes na Residencia Elvira Bao. Foron aprobadas para enviar a súa fiscalización as convocatorias de axudas da UDC para deportistas universitarios de alto nivel, curso 2019-2020, a convocatoria de bolsas de renovación e de nova adxudicación para Estudos de másteres universitarios oficiais da UDC, curso 2019/2020 y a convocatoria de bolsas de plan propio da UDC- bolsas comedor do curso 2019/2020.

No último Consello de Goberno, comentei a apertura próxima das aulas de estudos, me refería das aulas de traballo.

| | | | |
|--------------------------------------|---|---------------|---------------------|
| Código Seguro De Verificación | yHMToiDJlwrLpqkemS2cg== | Estado | Data e hora |
| Asinado Por | Julio Ernesto Abalde Alonso - Reitor | Asinado | 03/02/2020 13:54:22 |
| | Carlos Ignacio Aymerich Cano - Secretario Xeral | Asinado | 31/01/2020 15:06:34 |
| Observacións | | Páxina | 4/12 |
| Url De Verificación | https://sede.udc.gal/services/validation/yHMToiDJlwrLpqkemS2cg== | | |



Non houbo ningunha solicitude na 13.ª Convocatoria de axudas da Universidade da Coruña para os estudantes gañadores de Olimpíadas Científicas, curso 2019/2020. Resolución definitiva de adxudicatarios da Convocatoria de bolsas de colaboración en formación complementaria do estudantado da Universidade da Coruña para a Escola Universitaria de Deseño Industrial, curso 2019/2020.

Resolución definitiva da 1.ª Convocatoria de orzamentos participativos da Área de Cultura da Universidade da Coruña para fomentar as propostas culturais da comunidade universitaria

Resolución definitiva das PERSOAS CANDIDATAS PARA PARTICIPAR NO PROGRAMA DIRECTIVOS E DIRECTIVAS POR UN DÍA PARA O ANO 2019

Publicación da Convocatoria de axudas para o estudantado da Universidade da Coruña en situacións de dificultades económicas, curso 2019-2020, Convocatoria da UDC para bolsas Prácticas Fundación ONCE-CRUE para estudantes universitarios con discapacidade, curso 2019/2020

Convocatoria de axudas para o transporte urbano na cidade da Coruña e para as áreas de transporte metropolitano da Coruña e de Ferrol, curso 2019/2020.

As cidades da Coruña e Ferrol acollerán os días 25 e 26 o 4ª Encontro Eurorrexional de Música e Artes Escénicas no que participan as universidades galegas e as do norte de Portugal.

Desde hai catro anos, as Universidades de Galicia e o Norte de Portugal traballan nun proxecto de cooperación cultural eurorrexional no marco da Fundación CEER, co obxectivo de compartir e difundir a cultura universitaria e establecer sinerxías e proxectos compartidos. Nesta 4ª edición a Universidade da Coruña é a anfitriona e acollerá os días 25 e 26 de outubro ás **Universidades do Minho, Tras-os-Montes e Alto Douro, Porto, Santiago de Compostela e Vigo**.

O Foro Avanza, que vai pola segunda edición, para mellorar a empregabilidade do estudantado: emprego, emprendemento e contacto con empresas. Este Foro desenvolveuse na Facultade de Economía e Empresa os días 22, 23 e 24 de outubro.

O 10 outubro presentouse o informe “Inserción laboral e características do emprego dos egresados e das egresadas da Universidade da Coruña”. O estudo realizouse a través de enquisas telefónicas durante o mes de xuño de 2019 a 1.506 egresados no ano 2015 (dun total de 1.909 graduados), de 37 titulacións de grao distintas. A taxa de emprego dos titulados pola Universidade da Coruña no ano 2015 mellora un 3% de media os datos do anterior estudo de 2014 situándose no 86%, o que vén ser o mellor dato de emprego rexistrado desde o ano 2004 en que comezou a analizarse a inserción laboral na Universidade da Coruña. Esta porcentaxe permite á Universidade da Coruña manter o seu histórico liderado dentro do Sistema Universitario Galego en inserción laboral.

A Unidade de Divulgación Científica e Cultural da Universidade da Coruña e Radio Coruña-Cadena SER organizan o ciclo de charlas Conversa coa UDC, no que investigadores universitarios explicarán de forma amena e asequible o seu traballo de investigación e responderán as curiosidades dos asistentes.

A vicerreitora a de Internacionalización e Cooperación deu conta dos seguintes asuntos:

- Os pasados 10 e 11 de outubro asistimos ás II Xornadas de Internacionalización na casa na Universidade de Castela a Mancha, organizadas por CRUE

| | | | |
|--------------------------------------|---|---------------|---------------------|
| Código Seguro De Verificación | yHMToiDJ1wcrLpqkemS2cg== | Estado | Data e hora |
| Asinado Por | Julio Ernesto Abalde Alonso - Reitor Carlos Ignacio Aymerich Cano - Secretario Xeral | Asinado | 03/02/2020 13:54:22 |
| Observacións | | Páxina | 5/12 |
| Url De Verificación | https://sede.udc.gal/services/validation/yHMToiDJ1wcrLpqkemS2cg== | | |



Internacionalización e Cooperación. Os temas a debate foron o papel da internacionalización da casa no desenvolvemento de soft skills por parte de toda comunidade universitaria. Así mesmo debateuse sobre a inadecuación de ter só en conta criterios cuantitativos sobre os que actualmente pivota o traballo da internacionalización e a necesidade de utilizar estándares cun maior peso cualitativo. Tamén comezouse a elaboración dunha guía /catálogo de boas prácticas coas estratexias de internacionalización na casa.


- Os días 16 e 17 de outubro asistimos ao “IV Foro de reitores de universidades rusas e iberoamericanas”, tendente a fomentar a colaboración rusa con países de fala hispana e lusófonos. As universidades rusas, cun enorme potencial nos campos da matemática, a enxeñaría esfórzanse en colaborar en proxectos de investigación e mobilidade de estudantes / profesores para estas áreas. Nestas xornadas establecéronse contactos con universidades rusas para desenvolver proxectos de mobilidade mediante a acción KA107 do programa ERASMUS e proxectos de investigación. Así mesmo, establecéronse contactos con universidades de Bolivia, Colombia e Cuba a través dos seus reitores.
- Visitas institucionais:
 - Ángela Álvarez, Ecopetrol (segunda empresa petrolera máis grande de América). Ecopetrol está interesada en recibir formación específica para os seus directivos, así como na posibilidade de desenvolver proxectos con enerxías renovables.
 - Visita da Universidade Federal Rural de Pernambuco (Brasil) co obxectivo de fomentar a colaboración en materia docente e de investigación.

OFICINA DE COOPERACIÓN E VOLUNTARIADO

- Realizáronse diversas actividades para a promoción dos ODS:
 - a. Unha campaña de sensibilización en redes sociais, principalmente en Instagram, sobre o coñecemento dos ODS para a comunidade universitaria, cuns resultados moi bos en canto ao aumento e participación do número de seguidores.
 - b. O grupo de sensibilización da OCV tamén fixo actividades de promoción dos ODS cos alumnos das facultades de Economía e de Fisioterapia.
- Incorporación de novos voluntariados: O voluntariado de nova incorporación nos proxectos da Coruña, unhas 40 persoas, iniciaron a súa participación nun total de 11 proxectos. Estes voluntarios recibiron os días 25 e 26 de outubro un curso de formación básica en voluntariado..
- días 28 de outubro tiveron lugar as XV Xornadas de Inmigración e Interculturalidade, cun total de 160 persoas asistentes.

Vicerreitoría de Oferta Académica e Innovación Docente dando conta dos seguintes asuntos:

- O pasado 22 de outubro celebrouse na Secretaría Xeral de Universidades unha reunión á que fomos convocadas as persoas con competencias en materia de titulacións das tres universidades galegas. Entre outras cuestións, nos informaron de que os informes previos de envío a verificación que aínda non chegaron nolos remitirán nas vindeiras semanas. Ademais nos informaron da próxima saída dunha convocatoria de másteres de excelencia e tamén da intención de consellería de que para o vindeiro curso entren en funcionamento os graos abertos. Aínda que resumirei aquí os aspectos que considero fundamentais, enseguida que se publiquen estas dúas convocatorias faremos unha reunión cos decanos e/ou directores dos centros para aclarar as distintas dúbidas que poidan xurdir.

| | | | | |
|--------------------------------------|---|---------------|---------------------|---|
| Código Seguro De Verificación | yHMToiDJ1wcrLpqkemS2cg== | Estado | Data e hora |  |
| Asinado Por | Julio Ernesto Abalde Alonso - Reitor | Asinado | 03/02/2020 13:54:22 | |
| | Carlos Ignacio Aymerich Cano - Secretario Xeral | Asinado | 31/01/2020 15:06:34 | |
| Observacións | | Páxina | 6/12 | |
| Url De Verificación | https://sede.udc.gal/services/validation/yHMToiDJ1wcrLpqkemS2cg== | | | |

Canto á convocatoria de másteres de excelencia, a idea é que este selo de excelencia estea xa concedido na primavera para que xa se poida publicitar o máster coa devandita mención. Concederáse a un máximo de seis titulacións universitarias oficiais de máster impartidas polas universidades do SUG. Estas deberán como mínimo ter sido impartidas desde o curso 2016-2017. Cada universidade do SUG poderá presentar, como máximo, cinco solicitudes. O recoñecemento como Máster Universitario Excelente ten unha vixencia de cinco cursos académicos ao fin dos cales poderá ser renovado por períodos sucesivos de igual duración. Valorarase a taxa de demanda, procedemento de selección, porcentaxe de alumnado estranxeiro, convenios de colaboración con outras entidades, os méritos do profesorado permanente, o prestixio do profesorado externo, enquisas do alumnado, seguimento dos egresados, etc. Está previsto que reciban unha financiación de entre 18.000 e 20.000 euros.

Canto aos graos abertos, publicarán un anuncio (invitación) para que as Universidades do SUG, antes do 31 de decembro, fagan unha declaración de interese para poñelos en marcha no vindeiro curso académico. Un grao aberto é un programa de acceso á universidade no que o alumnado pode elixir, durante varios cuatrimestres académicos, materias correspondentes aos planos de estudo de diversos graos. No borrador que nos achegaron dise que con esta proposta preténdese reducir as taxas de abandono e cambio de estudos. A proposta definitiva do programa deberá conter a táboa de recoñecementos das materias incluídas no mesmo. As propostas que se fagan deben respectar as seguintes características:

- O programa debe combinar materias de graos da mesma rama de coñecemento.
 - O programa debe combinar materias dun mínimo de tres graos.
 - Permitirá cursar un máximo de 90 créditos ao alumnado integrado no programa.
 - Debe recoñecerse a maioría dos créditos cursados no grao finalmente elixido.
 - O alumnado que se integre no programa disporá dun proceso continuo de titorización e mentorización.
 - Para acceder ao programa, o alumnado deberá contar cunha nota de acceso, como mínimo, igual á máis alta de todas as titulacións de grao integradas no programa. Como referencia, empregaranse as notas de corte desas titulacións no curso académico 2019-2020.
 - O número de prazas ofertadas para cada programa será dun máximo de 25. As prazas do programa non computarán para os efectos do límite de prazas da oferta da CIUG.
 - A oferta de programas de estudos de graos abertos poderá ser valorada para os efectos da obtención de financiamento específico procedente das partidas orzamentarias vinculadas ás Accións de Mellora da Calidade do Plan Galego de Financiamento Universitario, logo de acordo adoptado pola Comisión de Seguimento do dito plan.
- A propósito do proceso de desascripción do grao en Turismo e a solicitude de modificación correspondente, cómpre informar de que procederáse ao nomeamento da profesora da Facultade de Economía e Empresa, Rosa Mariz, como coordinadora do título. Ademais, seguindo as recomendacións da SXU e coa

| | | | |
|--------------------------------------|---|--------------------|--|
| Código Seguro De Verificación | yHMToiDJ1wcrLpqkemS2cg== | Estado | Data e hora |
| Asinado Por | Julio Ernesto Abalde Alonso - Reitor Carlos Ignacio Aymerich Cano - Secretario Xeral | Asinado Asinado | 03/02/2020 13:54:22 31/01/2020 15:06:34 |
| Observacións | | Páxina | 7/12 |
| Url De Verificación | https://sede.udc.gal/services/validation/yHMToiDJ1wcrLpqkemS2cg== | | |



idea de rematar a desascrición e modificación do título o máis axiña posible, o centro de impartición que figurará na memoria será transitoriamente a Facultade de Filoloxía, pois a impartición do título nun centro xa existente da UDC axiliza os trámites e garante totalmente que no vindeiro curso xa se poida ofrecer a prezos públicos. Non obstante, seguiremos coa tramitación da creación dun novo centro e cando xa sexa unha realidade procederemos novamente á modificación da memoria do título.

- Co galo do 30 aniversario da UDC, o pasado día 17 de outubro celebrouse un acto especial de inauguración do curso académico 2019-2020 no Paraninfo para os estudantes da Universidade Sénior. Asistiron tanto os alumnos e alumnas do programa de Graduado Sénior, do de Formación Específica “Novos retos en Sustentabilidade” e do Programa de Democratización do Coñecemento desenvolvido nas comarcas de As Pontes de García Rodríguez, Betanzos e Costa da Morte. A lección inaugural, “El español en territorio comanche”, correu a cargo do catedrático de lingua española da Universidade de Alcalá Francisco Moreno Fernández.
- O 24 de outubro tivo lugar a Xornada de Benvida ao estudantado de Doutoramento deste curso. Despois do acto de benvida, o director da EID explicoulle a realidade actual dos estudos de doutoramento e, posteriormente, a investigadora postdoutoral, Rocío Castro Viñuelas, do Grupo de investigación en Terapia Celular e Medicina Rexenerativa, tratou o doutoramento desde a perspectiva do estudantado. Quero facer público o noso agradecemento pola súa boa disposición para colaborar connosco nesta xornada.
- O día 4 de novembro recibiremos a primeira visita do Plan Piloto de Acreditación dun programa de doutoramento. Concretamente para a Renovación da Acreditación do P.D. en Química Ambiental y Fundamental da Facultade de Ciencias. A finais de mes, en principio, o día 28 de novembro, terá lugar a visita do Plan Piloto de Acreditación do Programa de Doutoramento en Computación.
- O día 28 de outubro recibimos o informe provisional para a concesión do selo EUR-ACE para o máster en Enxeñaría de Camiños, Canais e Portos. Segundo este informe esta titulación obtería o selo, aínda que con prescricións, pero probablemente no período de alegacións poidan solventarse moitas de cuestións que nel se sinalan. Así que parabéns ao centro e ao equipo de dirección por acadar tamén para o mestrado este selo, pois somos conscientes do traballo que a súa petición supón.
- O 28 de outubro tamén recibimos unha mensaxe da Aneca na que se nos informaba de que os informes provisionais das dúas titulacións da Facultade Informática vanse recibir na primeira quincena de xaneiro do vindeiro ano.
- Onte tivemos a xornada formativa para os membros dos Comités de Avaliación Docente do programa Docentia, que comezarán hoxe mesmo o seu traballo de avaliación para poder enviar os resultados ás persoas solicitantes entre o 18 e 21 de decembro.
- Xa está aberto o prazo para enviar propostas de proxectos de investigación dentro do programa STEMbach para os estudantes de bacharelato. O envío de propostas debe realizarse desde a dirección dos centros á coordinación STEMbach. O prazo finaliza o 11 de novembro. Entre o 25 e 20 de decembro a coordinación STEMbach na UDC publicará os títulos das propostas na web do proxecto STEMbach (www.udc.gal/stembach) e resolverá as dúbidas que xurdan sobre eles aos interesados nos centros educativos.

| Código Seguro De Verificación | yHMToiDJ1wcrLpqkemS2cg== | Estado | Data e hora |
|-------------------------------|---|---------|---------------------|
| Asinado Por | Julio Ernesto Abalde Alonso - Reitor | Asinado | 03/02/2020 13:54:22 |
| | Carlos Ignacio Aymerich Cano - Secretario Xeral | Asinado | 31/01/2020 15:06:34 |
| Observacións | | Páxina | 8/12 |
| Url De Verificación | https://sede.udc.gal/services/validation/yHMToiDJ1wcrLpqkemS2cg== | | |



Lembrar que o prazo para a preinscrición nas IV Xornadas de Innovación Docente estará aberto até o día 10 de novembro. Este ano estas xornadas queren por en valor o traballo que se está a facer desde os GIDs. Quero agradecer ao profesorado o seu interese por participar nestas xornadas, pois se presentou un bo número de comunicacións e pósters. Tamén informar de que o conferencista invitado será o profesor Daniel Cassany da Universidade Pompeu Fabra, que pronunciará a ponencia “Renovando asignaturas: éxitos y fracasos de la innovación docente”. As xornadas se celebrarán os días 21 e 22 de novembro, na Facultade de Ciencias da Educación. O día 21, despois do acto de inauguración, ademais de presentarse a publicación derivada do **Programa de Democratización do Coñecemento da Universidade Sénior**, entregaremos os premios aos proxectos de Aprendizaxe Servizo.

Pola súa parte, a **vicereitora do Campus de Ferrol e Responsabilidade Social** informou dos seguintes asuntos:

- Recentemente asinou un convenio de Colaboración coa Asociación Ferrolá de Drogodependencias (ASFEDRO) para achegar á comunidade universitaria información sobre os riscos que comporta o consumo de drogas.

Este punto de información atendido por persoal técnico da asociación situase no primeiro andar do Centro cultural Universitario de Ferrol e estará dispoñible dúas veces ao mes en xoves alternos de 12:00 a 14:00 horas.

- Co motivo da celebración o 8 de outubro do Día Nacional das Universidades Saudables, dende a UDC Saudable en colaboración con distinto Centros e Servizos da Universidade, organizáronse ó longo de todo o mes interesantes actividades relacionadas coa saúde e o benestar. O amplo programa desenvolvido inaugurouse o mesmo día oito na Facultade de Economía e Empresa.

Agradecemos a todas as persoas que participaron na programación dos distintos actos polo seu compromiso co V outubro Saudable na UDC.

- O 14 de outubro reuniuse o xurado do VII concurso de traballos académicos con perspectiva de xénero “Ángeles Alvariño”, convocados pola OIX. Premiáronse dous traballo de fin de mestrado e carro de fin de grao. As/os estudantes gañadores recibirán o seu galardón o día 26 de novembro no acto conmemorativo do día internacional contra a violencia de xénero que terá lugar na Facultade de Dereito
- Este mes finalizou o Ciclo organizado pola OIX “Violencias contra as mulleres: sensibilización e acción” coa participación da profesora de Comunicación Audiovisual da Universidade de Burgos, Isabel Menéndez, e pechando o ciclo a directora de cine e xornalista Mabel Lozano.
- Co gallo do Día Europeo contra a Trata de Persoas, o salón de actos do campus de Ferrol, acolleu o día 17 de outubro as VIII Xornadas da Rede Galega contra a trata sexual. No acto de apertura, participou o reitor da UDC, o alcalde do Concello de Ferrol, e a Secretaria Xeral de Igualdade da Xunta de Galicia, ademais dun representante da Rede Galega contra a Trata Sexual..

O longo de todo o día tiveron lugar relatorios impartidos por persoas expertas rematando a xornada coa representación no Teatro Jofre da compañía de Teatro Redrum que representou a obra “Invisibles”

| | | | |
|--------------------------------------|---|--------------------|--|
| Código Seguro De Verificación | yHMToiDJ1wcrLpqkemS2cg== | Estado | Data e hora |
| Asinado Por | Julio Ernesto Abalde Alonso - Reitor Carlos Ignacio Aymerich Cano - Secretario Xeral | Asinado Asinado | 03/02/2020 13:54:22 31/01/2020 15:06:34 |
| Observacións | | Páxina | 9/12 |
| Url De Verificación | https://sede.udc.gal/services/validation/yHMToiDJ1wcrLpqkemS2cg== | | |



- En datas próximas vanse firmar en Ferrol dous convenios de creación de Cátedras institucionais. Así o día 11 de novembro firmárase a Cátedra de Protección Civil entre a Universidade da Coruña e a mancomunidade de concellos de ferrolterra. Esta Cátedra terá a súa sede na Facultade de Ciencias do Traballo. E o día 14 do mesmo mes asinarase o convenio de creación da Cátedra “Epifanio Campo” entre a Empresa Sogarisa e a UDC cuxo obxectivo e a construción dun centro de interpretación de residuos industriais na Escola Politécnica Superior.

Finalmente, o **xerente** informou dos asuntos da súa competencia:

INSTRUCCIÓN PARA REGULAMENTAR AS OPERACIÓNS DE PECHE DO EXERCICIO DE 2019 EN RELACIÓN COA CONTABILIZACIÓN DOS INGRESOS, GASTOS E PAGAMENTOS DA UNIVERSIDADE DA CORUÑA

O día 25 de outubro publicouse a *Instrucción para regulamentar as operacións de peche do exercicio de 2019 en relación coa contabilización dos ingresos, gastos e pagamentos da Universidade da Coruña*.

Ese mesmo día enviouse un correo electrónico informando a todas as persoas usuarias da aplicación económica da UDC desa publicación e convocándoas a unha sesión explicativa o día 28 no Campus de Elviña e o día 30 no Campus de Ferrol.

RESOLUCIÓN CONXUNTA ENTRE A VICERREITORÍA DE ECONOMÍA, INFRAESTRUTURAS E SUSTENTABILIDADE E A XERENCIA QUE ESTABECE O PRAZO DE PRESENTACIÓN DAS SOLICITUDES DE TRAMITACIÓN ANTICIPADA DO GASTO PARA O EXERCICIO 2020

O día 7 de outubro publicouse a resolución conxunta entre a Vicerreitoría de Economía, Infraestruturas e Sustentabilidade e a Xerencia que establece o prazo de presentación das solicitudes de tramitación anticipada do gasto para o exercicio 2020.

PROCESOS SELECTIVOS DE ACCESO ÁS ESCALAS DE PERSOAL FUNCIONARIO DA UDC POLO SISTEMA DE ACCESO LIBRE

O día 21 de outubro publicouse o acordo do tribunal cualificador das probas selectivas, para a provisión de dúas prazas da escala técnica de servizos (subescala auxiliar de servizos) da Universidade da Coruña, correspondentes a OEP do ano 2015, referido á suma definitiva das puntuacións de todo o proceso selectivo e a relación provisional de persoas aspirantes aprobadas por orde de puntuación.

O día 2 de outubro publicouse a Relación provisional de admitidos e excluídos á convocatoria de probas selectivas para a provisión de 45 prazas da escala administrativa da Universidade da Coruña (subgrupo C1), correspondentes á suma das prazas desta escala das OEP’s dos anos 2016, 2017, 2018, estabilización e 2019. Supoñen un total de 1.491 persoas admitidas e 161 excluídas. A vindeira semana enviaranse, despois da conformidade da Xunta de Persoal, para a súa publicación no BOE e no DOG as convocatorias das seguintes escalas: técnico en proxectos europeos (A2) – 1 praza, auxiliares de biblioteca (C1) – 6 prazas, técnico da OCV (C1) – 1 praza, técnico informático (C1) – 6 prazas, técnico laboratorio mecánica (C1) – 1 praza, técnico laboratorio química (C1) – 1 praza e técnico en microscopía (A1) – 1 praza. Así pois, estarían convocadas 93 das 99 prazas que figuran nas ditas OEP’s.

PROMOCIÓN INTERNA CORRESPONDENTE Á OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO DO PAS DA UDC DO ANO 2017

| | | | |
|--------------------------------------|---|---------------|---------------------|
| Código Seguro De Verificación | yHMToiDJlwrLpqkemS2cg== | Estado | Data e hora |
| Asinado Por | Julio Ernesto Abalde Alonso - Reitor | Asinado | 03/02/2020 13:54:22 |
| | Carlos Ignacio Aymerich Cano - Secretario Xeral | Asinado | 31/01/2020 15:06:34 |
| Observacións | | Páxina | 10/12 |
| Url De Verificación | https://sede.udc.gal/services/validation/yHMToiDJlwrLpqkemS2cg== | | |



No Diario Oficial de Galicia do 18 de outubro de 2019 publicouse a Resolución pola que se nomea persoal funcionario de carreira das distintas escalas polo sistema de promoción interna. As 19 persoas, das 50 prazas ofertadas, que superaron este proceso selectivo acceden aos seguintes subgrupos de clasificación: 12 a escalas do subgrupo A1, 6 a escalas do subgrupo A2 e 1 a escalas do subgrupo C1, tomaron posesión dos seus postos no subgrupo de acceso nos seguintes días cos correspondentes efectos económicos e administrativos.

| | | | |
|--------------------------------------|---|---------------|---------------------|
| Código Seguro De Verificación | yHMToiDJ1wcrLpqkemS2cg== | Estado | Data e hora |
| Asinado Por | Julio Ernesto Abalde Alonso - Reitor | Asinado | 03/02/2020 13:54:22 |
| | Carlos Ignacio Aymerich Cano - Secretario Xeral | Asinado | 31/01/2020 15:06:34 |
| Observacións | | Páxina | 11/12 |
| Url De Verificación | https://sede.udc.gal/services/validation/yHMToiDJ1wcrLpqkemS2cg== | | |



1. Acordos

2. Foi aprobada a acta da sesión ordinaria do 26 de setembro de 2019
3. Foron aprobados os Convenios – Anexo 03
4. Foi aprobada a proposta de financiamento da campaña electoral das eleccións á Reitoría (art. 35.2 REX)
5. Foi aprobada a prórroga do orzamento 2019
6. Foi aprobada a solicitude de axuda da convocatoria de subvencións para proxectos de enerxías renovables térmicas 2019-20 – anexos 04
7. Foi aprobada a renovación de títulos propios de posgrado – anexo 05
8. Foi aprobada, con modificación, a proposta de novos Regulamentos de premios extraordinarios de grao e premios extraordinarios de máster anexos 06.1 e 06.2
9. Foi aprobada a modificación do Regulamento de estudos de doutoramento - anexo 07
10. Foi aprobada a Instrución de solicitude e xestión de proxectos do Consello Europeo de Investigación - anexo 08
11. Foi aprobada a resolución definitiva dos premios UDC á excelencia académica no bacharelato e ciclos formativos de grao superior - anexo 09
12. Foi aprobado (por 22 votos a favor, 1 en contra e 1 abstención) o Protocolo de actuación ante situacións de acoso sexual por razón de sexo, por orientación sexual e identidade ou expresión de xénero na UDC - anexo 10
13. Foi aprobada a proposta de OEP 2019 adicional para a consolidación de emprego temporal – anexo 11
14. Foi aprobada a proposta de convocatoria de concurso dos corpos docentes universitarios – anexo 12
15. Foi aprobada a proposta de convocatoria de concurso PDI contratado – anexo 13
16. Foi aprobada a proposta de nomeamento/renovación profesores/as honorarios/as – anexo 14
17. Foron aprobadas as propostas de autorización de licenzas PDI – anexo 15
18. Foi aprobada a proposta de extensión dos efectos económicos da Resolución do 26 de setembro de 2019 sobre o réxime retributivo na situación de incapacidade temporal do PDI – anexo 16

Logo de se trataren todos os asuntos incluídos na orde do día, a sesión rematou ás 11:44.

De conformidade co disposto no artigo 18 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, o ficheiro electrónico comprensivo da gravación da sesión pode consultarse no seguinte enderezo:

<https://tv.udc.gal/video/5dca805911cad1893d8b45c6>

(coa pegada dixital **SHA-1: 12936FB7B79EA4F0F6A9FF8C89677216EADD0370**).

| | | | |
|--------------------------------------|---|---------------|---------------------|
| Código Seguro De Verificación | yHMToiDJlwrLpqkemS2cg== | Estado | Data e hora |
| Asinado Por | Julio Ernesto Abalde Alonso - Reitor Carlos Ignacio Aymerich Cano - Secretario Xeral | Asinado | 03/02/2020 13:54:22 |
| Observacións | | Asinado | 31/01/2020 15:06:34 |
| Url De Verificación | Páxina | | 12/12 |
| | https://sede.udc.gal/services/validation/yHMToiDJlwrLpqkemS2cg== | | |

